



ANUNCIO

REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS

E

PUNTO XERAL DE ENTRADA DE FACTURAS ELECTRÓNICAS DO CONCELLO DE VEDRA

En relación co envío e recepción de facturas dirixidas a esta Entidade Local e co **PUNTO XERAL DE ENTRADA DE FACTURAS ELECTRÓNICAS DO CONCELLO DE VEDRA**, que será obrigatorio a partir do 15 de xaneiro de 2015, en función do disposto na **Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e da creación do rexistro contable de facturas no Sector Público** (BOE núm. 311, de 28 de decembro).

O artigo 3 da Lei 25/2013 establece a obriga de presentación de facturas no rexistro ao dispoñer o seguinte:

“O provedor que expedira factura polos servizos prestados ou bens entregados a calquera Administración Pública, **terá a obriga**, a efectos do disposto nesta Lei, **de presentala ante un rexistro administrativo**, nos termos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, **no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercancías ou da prestación de servizos**. En tanto non se cumpran os requisitos de tempo e forma de presentación establecidos nesta Lei non se entenderá cumprida esta obriga de presentación de facturas no rexistro”.

O artigo 4 da Lei 25/2013 dispón:

“Todos os provedores que entregaran bens ou prestaran servizos á Administración Pública **poderán expedir e remitir factura electrónica**. En todo caso, estarán **obrigadas ao uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda**, entre outras, as entidades seguintes:

- a) Sociedades anónimas.
- b) Sociedades de responsabilidade limitada.
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- e) Unións temporais de empresas.
- f) Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización de mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

No obstante, as Administracións Públicas poderán excluír regulamentariamente desta obriga de facturación electrónica as facturas cuxo importe sexa de ata 5.000 euros...”.

Para cumprir o establecido na disposición adicional sexta da citada Lei 25/2013 e **para coñecemento xeral de todos os provedores e terceiros afectados ou interesados, faise saber** o seguinte:

1º. O Concello de Vedra dispón dun Rexistro Contable de Facturas integrado co sistema de información contable e xestionado polo departamento municipal de contabilidade e tesourería (teléfonos de contacto 981814612 e 981814696).

2º. O Concello de Vedra dispón dun Punto Xeral de Entrada de facturas electrónicas, que é o proporcionado polo Estado e denominado **FACe** (plataforma electrónica **FACe – Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas**, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas), en virtude da adhesión acordada por Resolucións da Alcaldía núm. 408/2014, de data 10 de novembro, e 444/2014, de 3 de decembro.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3º. As facturas electrónicas dirixidas a este Concello deberán presentarse a través de <http://face.gob.es>, en formato *facturae 3.2* ou *3.2.1* e indicando dentro da factura a relación dada de alta para o Concello de Vedra na plataforma do Estado *FACE*, que é a seguinte:

Oficina Contable	Órgano Xestor	Unidade Tramitadora
Ayuntamiento de Vedra (Código DIR3: L01150891)	Ayuntamiento de Vedra (Código DIR3: L01150891)	Ayuntamiento de Vedra (Código DIR3: L01150891)

4º. Coa relación orgánica descrita no punto 3º abárcanse todas as fases de tramitación e xestión das facturas recibidas. O enderezo de correo electrónico do concello de Vedra asociado ao Punto Xeral de Entrada de facturas electrónicas é o seguinte: factura.electronica@vedra.dicoruna.es.

5º. En <http://face.gob.es>, na páxina de *inicio* ou pantalla principal amósanse as diferentes accións que poden levar a cabo os provedores:

*Remisión de factura en formato electrónico.

*Consulta do estado das facturas presentadas.

*Descarga da aplicación de xeración de facturas electrónicas en formato *facturae*.

*Consulta do directorio de organismos adheridos ao sistema e que, polo tanto, poden recibir as facturas.

*Solicitude da anulación dunha factura xa enviada.

6º. Nesta mesma páxina, e para a realización das accións do punto anterior, os provedores dispoñen dun manual de uso do portal de provedores e dun teléfono de soporte a provedores (900 900 555).

7º. En <http://face.gob.es>, na páxina de *inicio* os usuarios do portal teñen, se así o precisan, axuda para a obtención do preceptivo Certificado Dixital válido emitido por calquera das entidades de certificación recoñecidas.

8º. En <http://face.gob.es>, picando en *provedores*, os usuarios poderán informarse e xestionar o certificado electrónico necesario para o envío das facturas.

9º. En <http://face.gob.es>, picando en *factura*, os provedores poden remitir facturas e consultar facturas enviadas. Picando en *Remitir factura* aparece a seguinte advertencia:

Para poder remitir unha factura, necesita ser válida. Só serán aceptadas as facturas en formato facturae 3.2 ou 3.2.1 asinadas. O envío debe realizarse cun certificado aceptado pola plataforma @firma do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

10º. En virtude da potestade recoñecida ás Administracións Públicas no artigo 4 da Lei 25/2013, para **excluir da obriga da facturación electrónica ás facturas cuxo importe sexa de ata 5.000 euros**, o concello de Vedra estableceu esta exclusión na base 20ª de execución do orzamento para o exercicio económico 2015.

11º. Aqueles provedores que non figuren no Rexistro de Terceiros do Concello e teñan que presentar factura, **deberán aportar a documentación necesaria** para a súa incorporación ao mesmo: número do NIF/CIF (mediante copia compulsada) e código IBAN da conta na que se teña que facer o pago da mesma (mediante certificación da entidade financeira). Tamén deberán indicar: enderezo do domicilio, código postal, teléfono de contacto e enderezo de correo electrónico. Esta documentación **poderá presentarse directamente no Concello, ante un rexistro administrativo** (nos termos previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común) **ou remitirse** escanada en formato *pdf* ao enderezo de correo electrónico asociado ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas (factura.electronica@vedra.dicoruna.es).

Vedra, 12 de xaneiro de 2015.

O ALCALDE,

Carlos Martínez Carrillo

